

# **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE INFORMÁTICA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O presente regulamento vén dar cumprimento ao disposto no artigo 13 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio (DOG do 26 de maio).

A regulación do réxime de funcionamento e organización da Facultade de Informática fica enmarcada na normativa aplicable á Universidade da Coruña, en concreto na Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e no Decreto 101/2004, de 13 de maio, que aproba os Estatutos da Universidade da Coruña, así como na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, naqueles aspectos que se recollen na presente normativa e que son de obrigado cumprimento ou que con carácter subsidiario foren de aplicación.

## **TÍTULO PRELIMINAR. DO ÁMBITO E DO RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN**

### **Artigo 1. Obxecto do regulamento**

O presente regulamento establece e regula o funcionamento e organización da Facultade de Informática.

### **Artigo 2. Ámbito de aplicación**

O presente regulamento será de aplicación á Facultade de Informática da Universidade da Coruña e consecuentemente será de obrigado cumprimento para todos os membros da comunidade universitaria do centro.

### **Artigo 3. Réxime xurídico**

1. A Facultade de Informática rexerese pola Lei Orgánica de Universidades, polas normas que emanen dos correspondentes órganos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio das súas respectivas competencias, polos Estatutos da Universidade da Coruña e as súas normas de desenvolvemento e, finalmente, polo presente Regulamento de réxime interno.
2. En defecto do establecido no presente regulamento aplicarase a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
3. Contra as resolucións e acordos dos órganos unipersoais ou colexiados do centro, poderá formularse recurso de alzada no prazo dun mes perante o/a reitor/a, tratándose de resolucións do/a decano/a, ou perante o consello de goberno, tratándose de acordos da xunta de centro, cuxa decisión esgotará a vía administrativa e será impugnabile perante a xurisdición contencioso-administrativa de conformidade coa lei reguladora desta xurisdición.

## **TÍTULO I. NATUREZA, FINS E FUNCIÓNS**

### **Artigo 4. Natureza**

A Facultade de Informática é o centro encargado da organización do ensino e dos procesos académicos, administrativos e de xestión conducentes á obtención de títulos no seu ámbito de carácter oficial e validez en todo o territorio español.

### **Artigo 5. Funcións**

Son funcións da Facultade de Informática:

1. Elaborar a proposta dos planos de estudo do ensino que se imparte nela.
2. Organizar e supervisar as actividades docentes e a xestión dos servizos da súa competencia.
3. Custodiar as actas de cualificación e os expedientes dos/as estudantes que cursasen ou cursen estudos nela, sen prexuízo do mantemento, por parte da Universidade, de arquivos centralizados.
4. Expedir as certificacións solicitadas polos/as estudantes do centro.
5. Administrar a asignación orzamentaria do centro e controlar os seus propios servizos e equipamentos.
6. Promover actividades culturais e de extensión universitaria.
7. Participar nos procesos de avaliación da calidade.
8. Informar ao Consello de Goberno, xunto cos departamentos correspondentes, para a posible aprobación por parte deste de planos de estudo conxuntos con outras universidades, nacionais ou estranxeiras.
9. Realizar contratos e convenios nos termos da lexislación vixente.
10. Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña aprobados por Decreto 101/2004, de 13 de maio.

## **TÍTULO II. DA ORGANIZACIÓN DA FACULTADE**

### **CAPÍTULO I. DA ESTRUTURA DA FACULTADE**

#### **Artigo 6. Persoal adscrito á Facultade de Informática.**

Son membros da Facultade de Informática o persoal docente e investigador e de administración e servizos adscritos a ela, así como o estudantado matriculado nalguna das titulacións oficiais impartidas polo centro.

#### **Artigo 7. Adscrición do profesorado**

1. O profesorado que se incorpore á Universidade quedará adscrito ao centro que lle asigne o departamento, atendendo á convocatoria da praza.
2. Os departamentos poderán modificar a adscrición, atendendo á elaboración do plan docente. As modificacións que afecten á facultade deberán ser comunicadas ao centro.

### **CAPÍTULO II. DO GOBERNO DA FACULTADE**

#### **Artigo 8. Órganos de goberno da facultade**

Para o goberno, representación e administración da Facultade de Informática, establécense os seguintes órganos:

- a) Colexiados:

- Xunta de Facultade
- Comisión Permanente da Xunta de Facultade
- Comisión de Docencia
- b) Unipersoais:
  - Decano/a da facultade
  - Vicedecanos/as da facultade
  - Secretario/a da facultade

## **SECCIÓN PRIMEIRA. DOS ÓRGANOS COLEXIADOS**

### **Artigo 9. Composición da Xunta de Facultade**

1. A Xunta de Facultade estará constituída por:
  - a) O/a decano/a, que a convocará e presidirá.
  - b) Os/as vicedecanos/as e o/a secretario/a, que o/a será tamén da Xunta.
  - c) Un 70% de profesorado do centro. Todo o profesorado funcionario do centro pertencerá á Xunta de Centro e representará, polo menos, un 51% do número total de membros desta. Sempre que sexa posible, o 19% será profesorado non funcionario.
  - d) Un 25% de estudantado do centro.
  - e) Un 5% de persoal de administración e servizos.
2. O profesorado que imparta docencia en máis dun centro só poderá ser membro da Xunta de Centro en que desenvolva maioritariamente a súa docencia.
3. As persoas representantes na Xunta de Centro serán elixidas para un período de dous anos.

### **Artigo 10. Competencias da Xunta de Facultade**

Como órgano colexiado de goberno do centro, á Xunta de Facultade correspóndelle:

1. Elixir o/a decano/a e, se for o caso, revogalo/a.
2. Aproba-las liñas xerais da política académica do Centro.
3. Supervisar a xestión dos diferentes órganos de goberno e administración do centro.
4. Informar sobre a implantación de novas titulacións e estudos.
5. Elaborar e aprobar as propostas de planos de estudos das titulacións que se impartan no centro.
6. Formular anualmente, antes do comezo do curso académico, o plano docente do centro coordinadamente cos departamentos adscritos ao centro.
7. Elaborar o regulamento de réxime interno do centro e propolo ao Consello de Goberno para a súa aprobación.
8. Propoñer ao Consello de Goberno, se é o caso, a limitación da oferta de plazas de estudantes de nova incorporación ao centro.
9. Aprobar o horario de clases teóricas e prácticas de cada curso académico.
10. Aprobar o calendario de exames das convocatorias oficiais.
11. Ratificar, se for o caso, os acordos da Comisión Permanente da Xunta de Facultade, tomados en materias delegadas pola Xunta de Centro.
12. Organizar, supervisar e informar sobre as actividades docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito de competencia, e coordinar e supervisar o desenvolvemento dos contidos mínimos das materias impartidas neles polos departamentos, de acordo cos planos de estudo e cos obxectivos establecidos para cada titulación.
13. Supervisar a xestión dos servizos e recursos do centro.

14. Acordar a distribución dos orzamentos concedidos ao centro e controlar a súa aplicación.
15. Organizar actividades de formación permanente e de extensión universitaria.
16. Crear comisións asesoras para emitir informes, propostas ou recomendacións non vinculantes sobre determinados temas.
17. Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio.

#### **Artigo 11. Delegación de competencias.**

1. A Xunta de Facultade poderá delegar as súas competencias na Comisión Permanente ou na comisión oportuna, agás as que se mencionan nos once primeiros puntos do artigo anterior. O acordo de delegación deberá ser aprobado pola Xunta de Facultade.
2. A Xunta de Facultade poderá revogar en calquer momento a delegación, recuperando o exercicio das competencias delegadas.

#### **Artigo 12. Actuacións da Xunta de Facultade**

1. As decisións da Xunta adoptarán a forma de acordos en materias da súa competencia e de recomendacións cando actúe con funcións simplemente consultivas.
2. Os acordos da Xunta de Facultade serán susceptibles de recurso nos termos establecidos na lexislación vixente.
3. A Xunta de Facultade actúa en Pleno ou en Comisión Permanente, sen prexuízo das outras Comisións da Xunta, ás que se refire o artigo 8, e nas que a Xunta poderá delegar facultades decisorias.

#### **Artigo 13. Funcionamento da Xunta de Facultade**

1. A Xunta de Facultade reunirse en sesión ordinaria cantas veces sexa necesario e, polo menos, tres veces ao ano, e en sesión extraordinaria sempre que o/a decano/a a convoque por propia iniciativa ou por solicitude do 25 % dos seus membros. Neste caso os solicitantes deberán indicar tamén o punto ou puntos que desexen sexan debatidos na sesión e se realizará nos vinte días seguintes ao de recepción da solicitude.
2. A orde do día das sesións será fixada polo/a decano/a, asistido polo/a secretario/a e mais o equipo de dirección, tendo en conta, se for o caso, que calquera dos membros da Xunta de Facultade poderá solicitar a inclusión dun punto na orde do día, se a solicitude é por escrito e ven asinada ao menos polo 10 % dos membros da Xunta ou por todos os membros dun sector da mesma. En tal caso, este punto incluírase na primeira sesión que se convoque, sempre que se solicítase coa suficiente antelación.
3. En todos os supostos a documentación relativa aos asuntos a tratar na orde do día encontraranse na Secretaría do Centro a disposición de todos os membros da Xunta de Facultade con 72 horas de antelación á celebración da sesión, ou con 48 horas no caso de sesión extraordinaria.
4. A convocatoria será efectuada polo/a secretario/a da facultade por orde do/a decano/a ou de quen legalmente o/a substitúa. Esta convocatoria incluírá a data, hora e lugar de celebración da sesión, así como a orde do día. As citacións da convocatoria cursaraas o/a secretario/a, coa antelación suficiente para que todos os membros a reciban tres días hábiles antes da celebración da sesión, incluíndo unha orde do día explícita, sen referencias xenéricas.  
As citacións levaranse a cabo mediante notificación persoal por carta na Facultade e por correo electrónico. No período sen clase, remitirase ao domicilio particular dos alumnos.

5. Cando a natureza dos asuntos que se foren tratar así o requira, a xuízo do/a decano/a ou quen desempeñe as súas funcións ou a petición de polo menos o 10% dos membros da Xunta, poderanse convocar ás sesións do Pleno ou, se for o caso, ás dalgunha comisión ás persoas que se estime necesario, con voz mais sen voto.
6. As sesións extraordinarias da Xunta de Facultade están sometidas aos mesmos requirimentos que as ordinarias, coa excepción de que a súa convocatoria pode facerse para o tratamento de puntos de inaprazable consideración e coa antelación suficiente para que todos os membros a reciban cuarenta e oito horas antes da celebración da sesión. Non se incluírán na orde do día os puntos relativos á aprobación de actas, informes ou suxestións e preguntas.
7. Non se permitirá a gravación das sesións da Xunta de Facultade, agás así o autorice expresamente a Xunta de Facultade por maioría absoluta dos seus membros.
8. A Xunta de Facultade tense que reunir nas dependencias da Facultade en días administrativamente hábiles.

#### **Artigo 14. Constitución**

Para a válida constitución da Xunta de Facultade, para efectos da realización das sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza do/a decano/a e secretario/a ou, se for o caso, de quen os/as substitúa e da maioría absoluta dos seus membros.

De non se alcanzar este quórum e aínda que non se diga expresamente a Xunta de Facultade poderase constituír en segunda convocatoria quince minutos máis tarde coa presenza de polo menos o 30% dos seus membros e, en todo caso, a do/a decano/a e secretario/a ou, se for o caso, de quen os/as substitúan.

#### **Artigo 15. Asistencia e desenvolvemento das sesións dos órganos colexiados**

1. A asistencia ás sesións dos órganos colexiados da Facultade é un dereito e un deber dos membros que os integran.
2. A condición de membro dos órganos colexiados do centro é persoal e non delegable.
3. Calquera ausencia poderase xustificar por escrito con anterioridade á sesión en que se produza perante o/a secretario/a de facultade.
4. Ás sesións dos órganos colexiados só poderán asistir os seus respectivos membros, agás no caso recollido no artigo 13, apartado 5.
5. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

#### **Artigo 16. Desenvolvemento das sesións da Xunta de Facultade**

1. O/a decano/a ou persoa quen o/a substitúa dirixirá e ordenará o desenvolvemento dos debates. Fixará un tempo de debate para cada tema e, en función das peticións de palabra, determinará a duración de cada intervención.
2. Os membros da Xunta teñen dereito ao uso da palabra en relación con calquera dos puntos da orde do día.
3. Ninguén poderá ser interrompido cando fale, senón polo presidente para ser chamado á orde ou a cingirse ao tema.
4. Os membros da Xunta poderán pedir a palabra ao presidente en calqueira momento sempre que se trate dunha cuestión de orde, so podendo pedirlle ao presidente que faga lectura dun artigo deste regulamento, dos estatutos da Universidade da Coruña ou outra normativa que afecte ao normal desenvolvemento da sesión.

5. As alusións só autorizarán para que o membro da Xunta a quen se refiran, a xuízo de quen presida a sesión, poida contestar ás manifestacións sobre a súa persoa ou feitos pronunciadas durante a discusión pero no prazo de tempo concedido.
6. No suposto de excesiva duración do Pleno da Xunta, quen preside a sesión poderá dispoñer-la interrupción da sesión, fixando día e hora na que deba reanudarse.
7. Para a boa marcha das sesións, o presidente poderá chamar á orde a un membro da Xunta cando:
  - a) Nas súas intervencións incumpra o regulamento.
  - b) Profira palabras ofensivas para os membros da Xunta de Facultade, para terceiros ou para institucións.
  - c) Altere a orde do debate con interrupcións ou de calquera outro xeito.
8. Despois de ser chamado á orde por tres veces nunha sesión calquer membro da Xunta, o presidente poderá prohibirlle asistir ao resto da sesión. Se el se nega a cumprilo requirimento de abandono da sesión, o presidente poderá suspender a sesión para reanudala de seguida sen a presenza do sancionado.

### **Artigo 17. Votacións e adopción de acordos**

1. As votacións poderanse realizar por asentimento por proposta da presidencia da Xunta de Facultade, a man alzada, pública por chamamento, ou secreta. O presidente da sesión decidirá a utilización dunha ou doutra modalidade. Porén, a votación secreta poderá ser utilizada cando o acordo que se deba adoptar tiver carácter persoal ou cando o solicitara algún membro da Xunta. Considéranse adoptados os acordos por asentimento cando as propostas sometidas á Xunta non suscitaren oposición de ningún membro desta e que non requirise outra forma de votación ningún membro. Non poderá ser tomado ningún acordo se non estivese presente alomenos o quórum mínimo de constitución da Xunta.
2. A Xunta de Facultade adoptará os seus acordos por maioría de votos afirmativos fronte aos negativos, sen ter en conta as abstencións, agás naqueles supostos en que se esixa, legal ou regulamentarmente, maioría absoluta ou cualificada. Cando houbese que decidir entre máis de dúas opcións, deberá realizarse unha segunda votación entre as dúas opcións máis votadas inicialmente, agás que unha delas acadase xa maioría absoluta dos votos emitidos.
3. En caso de empate nos resultados dunha votación, o presidente da sesión decidirá co seu voto de calidade.
4. Non poderán someterse a votación aquelas cuestións que non estiveren especificadas en algún punto da orde do día. Tampouco poderán tomarse acordos dentro dos apartados da orde do día correspondentes a “Informes” e “Suxestións e Preguntas”.
5. Iniciada unha votación, esta non se poderá interromper.

### **Artigo 18. Actas**

1. De cada sesión que teña lugar da Xunta de Facultade o/a secretario/a redactará a acta, que especificará necesariamente a relación de asistentes e ausentes que achegasen a xustificación, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que tivo lugar, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos e o xeito en que estes se adoptaron.
2. Na facultade levarase un rexistro de actas numeradas no que se transcribirán as minutas de cada sesión unha vez aprobadas. As actas aprobadas estarán a disposición de calquera membro da Xunta que queira consultalas.
3. Na acta figurará, a solicitude dos respectivos membros da Xunta de Facultade, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o

sentido do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto ou no prazo que sinala o presidente, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose copia a ela.

4. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de 48 horas, que se incorporará ao texto aprobado.
5. Cando os membros do órgano votaren en contra ou se abstiveren, quedarán exentos da responsabilidade legal que, se for o caso, puidese derivarse dos acordos.
6. As actas aprobaranse na seguinte sesión ordinaria, podendo non obstante emitir o/a secretario/a certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.
7. As certificacións só darán fe dos acordos e recomendacións da Xunta e poderanse expedir:
  - a) De oficio, por requirimento de órganos das Administracións Públicas, incluída a propia Universidade da Coruña, ou de órganos xudiciais no exercicio da súa competencia.
  - b) A instancia dos membros da Xunta de Facultade.
  - c) A instancia de calquera que acredite a titularidade dun interese lexítimo.Nestes dous últimos casos o contido das certificacións versará só sobre os acordos.

#### **Artigo 19. Comisión Permanente de Xunta de Facultade**

1. A Comisión Permanente terá competencias delegadas da Xunta de Facultade. Os acordos que adopte a Comisión Permanente relativos a competencias delegadas pola Xunta de Facultade serán comunicados a ésta na primeira sesión ordinaria que se realice.
2. Das reunións da Comisión Permanente será levantada unha acta polo/a secretario/a da facultade. Estas actas poñeranse en coñecemento de todos os membros da Xunta de Facultade tan pronto como sexa posible.
3. Na composición da Comisión Permanente manterase a proporcionalidade existente na Xunta de Facultade respectando as porcentaxes de representación asignadas a cada un dos diferentes colectivos. A composición da Comisión Permanente será a seguinte:
  - a) O/a decano/a, que a presidirá e convocará.
  - b) Os vicedecanos.
  - c) O/a secretario/a da facultade, que o será tamén da Comisión Permanente.
  - d) Un/unha profesor/a por cada departamento adscrito.
  - e) Un/unha profesor/a representando a todos os profesores dos departamentos non adscritos.
  - f) Unha representación dos estudantes segundo a súa porcentaxe de representación na Xunta da Facultade.
  - g) Unha representación do persoal de administración e servizos segundo a súa porcentaxe de representación na Xunta de Facultade.
4. Os membros da Comisión Permanente teñen que ser membros do Pleno e serán elixidos para un período de dous anos. A elección para ocupar os postos da Comisión Permanente realizarase polos membros de cada sector no seo da Xunta de Facultade segundo indica o artigo 20 do presente regulamento.
5. Os membros da Comisión Permanente cesarán no mesmo momento en que perdan a súa condición de membros do Pleno. Se algún membro demite do seu posto na Comisión Permanente a petición propia ou deixa de formar parte desta por calquera

outro motivo, procederáse á elección dentro do sector correspondente no prazo máis breve posible.

6. A Comisión Permanente será competente para:
  - a) Coñecer e decidir sobre calquera asunto que expresamente delegue nela a Xunta de Facultade.
  - b) Coñecer e decidir sobre os asuntos de trámite.
  - c) Adoptar acordos sobre os asuntos que lle sexan presentados polas Comisións Asesoras e eleva-los, no seu caso, ao Pleno.
  - d) Asesorar en todas aquelas cuestións que o/a decano/a lle someta no exercicio das súas competencias e decidir, no seu caso, sobre as que aquel lle delegara expresamente.
7. No seu funcionamento rexeráse polas normas recollidas nos artigos 13 a 18 do presente regulamento, de aplicación para o funcionamento da Xunta de Facultade.

#### **Artigo 20. Comisións da Xunta de Facultade**

1. A Xunta de Facultade, para efectos do seu mellor funcionamento ou actuación, poderá constituír comisións, ademais das mencionadas no artigo 8 deste regulamento, con carácter de apoio ou asesoramento que non terán capacidade decisoria, e que deberá remitir todas as propostas que se adoptaren á Xunta de Facultade, á Comisión Permanente ou ao/á decano/a, se for o caso, que decidirán en última instancia.
2. As comisións asesoras redactarán os seus informes, propostas e recomendacións nunha acta que será elevada ao órgano que solicitou o informe. Cando a iniciativa partira das propias comisións, elevarán os seus informes, propostas e recomendacións á Comisión Permanente ou a Xunta de Facultade. Cando os informes estén elaborados poranse en coñecemento de todos os membros da Xunta de Facultade tan pronto como sexa posible.
3. As comisións estarán compostas polos membros da Xunta de Facultade asignados por ela mesma, podendo incluír persoas non pertencentes ao Pleno, con voz pero sen voto. A súa renovación levarase a cabo seguindo os criterios que estableza a Xunta de Facultade.
4. A elección de representantes realizarase dentro dos respectivos sectores na Xunta de Facultade, en listas abertas entre os candidatos presentados no Pleno da Xunta de Facultade. Cada membro dun sector votará a un máximo de candidatos non superior ao 70% do número de postos a cubrir, agás no caso dun só.
5. As funcións que correspondan a cada comisión asignarallas a Xunta de Facultade.
6. Para o seu funcionamento e adopción de acordos rexeráse polas normas establecidas para a Xunta de Facultade no presente regulamento.
7. Os representantes de alumnos poderán solicitar aos Presidentes das distintas comisións ás que pertencen, unha xustificación de asistencia ás sesións ou do desenvolvemento das súas tarefas, a ter en conta na necesidade de flexibilidade nas súas obrigas académicas.

#### **Artigo 21. Convocatoria e constitución das comisións**

1. As comisións serán convocadas e estarán presididas polo/a decano/a ou vicedecano/a en quen delegue.
2. As comisións elixirán un secretario de entre os seus membros.
3. As sesións das comisións estables celebraranse en días administrativamente hábiles e serán convocadas por escrito coa antelación suficiente para que todos os membros reciban a convocatoria, alomenos, cuarenta e oito horas antes das sesións. Nos casos



de urxencia poderán ser convocadas polos Presidentes respectándose un prazo mínimo de vinte e catro horas. Cando sexa solicitado por un tercio dos seus membros, o Presidente deberá convocar unha sesión.

4. As comisións constituiranse validamente en primeira convocatoria coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros e en segunda convocatoria quince minutos despois, aínda que non se diga expresamente, cando asistan alomenos o 30% dos seus membros, e adoptarán os seus informes, propostas e recomendacións por maioría simple, sendo preciso que no momento da votación esté presente polo menos o quórum mínimo de constitución da comisión.

#### **Artigo 22. Comisión de Docencia**

1. A Comisión de Docencia actuará como Comisión de Validacións.
2. Será competente nas materias que lle encomende a Xunta de Facultade e, en particular:
  - a) Informará sobre a implantación e desenvolvemento dos Planos de estudos.
  - b) Asistirá ao Decano sobre o desenvolvemento da actividade docente.
  - c) Informará sobre os conflitos suscitados en temas docentes e/ou académicos.
  - d) Propoñerá a concesión de validacións e adaptacións de estudo á vista dos informes emitidos polos Departamentos correspondentes.
  - e) Aprobará o que se sinala no relativo a Proxectos Fin de Carreira.
  - f) Aprobará o que se sinala no relativo aos convenios para prácticas en empresas.
  - g) Tomará iniciativas no ámbito da súa actuación para ser elevadas ao Pleno da Xunta de Facultade.
  - h) Emitirá informes sobre a preceptiva avaliación do profesorado.
  - i) Pronunciarase sobre ausencias de profesores, control do cumprimento do profesorado e calidade de docencia, e sobre cantos asuntos docentes e/ou académicos lle sexan encomendados.
3. A Comisión de Docencia estará integrada, ademais de polo seu presidente que será o/a decano/a ou vicedecano/a en quen delegue, polo/a secretario/a da facultade que actuará como secretario/a, por un/unha profesor/a de cada departamento adscrito á facultade e por unha representación dos estudantes e o persoal de administración e servizos, que incluírá ao/á administrador/a do centro se fose membro da Xunta de Facultade, segundo a súa porcentaxe de representación na Xunta de Facultade. No caso de que o/a administrador/a do centro non fose membro da Xunta de Facultade formará parte da comisión con voz mais sen voto.

### **SECCIÓN SEGUNDA. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS**

#### **Artigo 23. Do/a decano/a da facultade**

1. O/a decano/a da facultade ostenta a representación do seu centro e exerce as funcións de dirección e xestión ordinaria deste.
2. O/a decano/a da facultade será nomeado/a polo/a reitor/a por un período de catro anos, tras a elección pola Xunta de Facultade segundo o Regulamento Electoral Xeral da Universidade da Coruña, entre os profesores doutores adscritos ao centro e pertencentes aos corpos docentes universitarios. Poderá ser reelixido/a segundo determinen os Estatutos da Universidade da Coruña.
3. O/a decano/a da facultade será elixido/a pola maioría dos votos non nulos emitidos na Xunta de Centro.
4. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o/a decano/a será substituído/a polo/a vicedecano/a expresamente designado polo/a decano/a.

#### **Artigo 24. Revogación do/a decano/a**

1. O/a decano/a poderá ser revogado mediante moción de censura, que será presentada diante da secretaría do centro.
2. A moción de censura deberá ir asinada por, polomenos, un terzo dos membros da Xunta, incluíndo a proposta dun candidato alternativo, para poder ser tramitada.
3. Se a moción de censura reunira os requisitos anteriores, o/a decano/a ou quen faga as súas veces, terá que convocar unha Xunta extraordinaria con este único punto da orde do día nun prazo máximo de 20 días hábiles desde a data de presentación da moción.
4. A sesión será presidida polo membro de máis idade presente na Xunta e actuará como secretario o que o for do centro, salvo que se presente como candidato alternativo, en cuxo caso será substituído polo membro presente que designe o presidente.
5. Aberta a sesión, o candidato alternativo disporá dun prazo máximo de 15 minutos para expoñer os argumentos que fundamentan a moción. De seguido, o/a decano/a disporá de igual tempo máximo para facer uso da palabra. A continuación abrírase unha quenda de intervencións dos membros da Xunta que o presidente da sesión distribuirá de acordo aos criterios que fixa o presente Regulamento no artigo 16. En todo caso, o/a decano/a e o candidato alternativo poderán replicar durante un tempo máximo de 15 minutos cada un.
6. Concluído o debate, procederá á votación da moción de censura que será nominal e secreta e requirirá, para a súa aprobación, o voto afirmativo da maioría absoluta da Xunta de Facultade.
7. Se fose aprobada a moción de censura, deberase comunicar ao Consello de Goberno nun prazo inferior a quince días hábiles desde a celebración da Xunta na que se votou.
8. Se a moción de censura non obtivese os votos necesarios, considerarase rexeitada, e os asinantes da mesma non poderán presentar outra moción de censura durante o mesmo mandato.

#### **Artigo 25. Funcións do/a decano/a da facultade**

Corresponde ao/á decano/a:

- a) Representar o centro.
- b) Presidir as reunións da Xunta de Centro e de calquera outro órgano colexiado delas e mais executar os seus acordos.
- c) Velar polo cumprimento da legalidade en todas as actuacións do centro, polo bo funcionamento dos servizos e polo mantemento da disciplina académica.
- d) Dirixir e supervisar as actividades do centro, especialmente a organización das actividades docentes.
- e) Proporlle ao/á reitor/a o nomeamento e cesamento dos/as vicedecanos/as e secretario/a do centro.
- f) Controlar o cumprimento das funcións do persoal de administración e servizos adscritos ao centro.
- g) Presidir as comisións de selección do persoal docente e investigador contratado.
- h) Exercer as restantes funcións derivadas do seu cargo, así como aquelas que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto 101/2004, de 13 de maio.

### **Artigo 26. Vicedecano/a da facultade**

1. Para o mellor desenvolvemento das súas funcións, o/a decano/a contará co auxilio dos/as vicedecanos/as, nas áreas de actividade a que responda a súa denominación, que actuarán baixo a súa dirección e dependencia, e serán nomeados polo/a reitor/a por proposta do/a decano/a, de entre os membros da comunidade universitaria do centro.
2. Cesarán por decisión do/a reitor/a por proposta do/a decano/a, por petición propia e, en todo caso, cando conclúa o mandato do/a decano/a. Nos dous últimos casos, continuarán en funcións ata a toma de posesión dos seus sucesores.

### **Artigo 27. Funcións dos/as vicedecanos/as**

Corresponderalles dirixir e coordinar, baixo a autoridade do/a decano/a, a área de competencia que este/a lles asigne. O/a decano/a designará quen o/a deberá substituír no caso de ausencia ou enfermidade.

### **Artigo 28. Secretario/a de facultade**

1. O/a secretario/a do centro é a persoa que dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno e administración do centro. Será nomeado polo/a reitor/a, por proposta do/a decano/a, entre funcionarios/as adscritos/as a este centro.
2. Cesará por decisión do/a reitor/a por proposta do/a decano/a, por petición propia e, en todo caso, cando conclúa o mandato do/a decano/a. Nos dous últimos casos, continuará en funcións ata a toma de posesión do seu sucesor.
3. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o/a secretario/a será substituído polo/a vicedecano/a que determine o/a decano/a.

### **Artigo 29. Funcións do/a secretario/a**

Serán funcións do/a secretario/a, ademais das legalmente establecidas, as seguintes:

- a) A formación e custodia dos libros de actas dos órganos colexiados do centro.
- b) A recepción e custodia das actas de cualificación de exames.
- c) A expedición de certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro.
- d) A custodia do selo do centro e do rexistro deste.
- e) A publicidade dos acordos dos órganos colexiados do centro.
- f) A notificación dos acordos tomados na Xunta do centro aos membros da facultade ou dos departamentos con docencia nela a quen atinxan directamente. Se foran acordos relativos aos estudantes en xeral publicaranse no Taboleiro de Anuncios dos Alumnos e na páxina web da facultade.
- g) Calquera outra función que lle delegue o/a decano/a ou que lle encomenden as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto 101/2004, de 13 de maio.

## **TÍTULO III. DA ACTIVIDADE DOCENTE**

### **Artigo 30. Información da actividade docente**

1. Os profesores con docencia na facultade comunicarán nos prazos establecidos polo/a decano/a os horarios das súas titorías.
2. Os departamentos con docencia na facultade comunicarán os profesores coordinadores de cada materia impartida na facultade que teñan encargada, que serán os responsables de entregar os programas e os criterios de avaliación.

3. Ao remate de cada curso académico elaborárase unha memoria docente que será utilizada a efectos de validacións.

### **Artigo 31. Revisión de exames**

1. A publicación das notas dos exames farase con anterioridade á revisión dos mesmos.
2. A revisión deberá anunciarse cunha antelación de polo menos tres días hábiles.
3. O profesorado de cada materia establecerá un procedemento que permitirá aos alumnos facer a revisión nun horario dentro dos anunciados.

### **Artigo 32. Reclamacións das cualificacións**

Atendendo ao artigo 66.1.b dos Estatutos da Universidade da Coruña, o procedemento de reclamación ante o/a decano/a será o seguinte:

1. A partir da data de peche de actas fixado no calendario escolar ábrese un prazo de reclamacións de 15 días naturais.
2. Finalizado o prazo de reclamacións, o/a decano/a para cada unha delas, nun prazo máximo de 5 días hábiles, nomeará unha comisión de reclamacións, que haberá de constituírse dentro dos tres días hábiles seguintes.
3. Cada comisión de reclamacións estará formada por tres profesores, se é posible da área de coñecemento da materia (sempre polo menos dunha área afín), e non involucrados na avaliación do reclamante, e por un alumno membro da Xunta de Facultade proposto polo sector de alumnos desta. No caso de non haber proposta farase un sorteo.
4. A comisión constituirase validamente cun mínimo de tres membros.
5. A comisión estudiará as demandas do reclamante e, se o cre necesario, escoitará ás partes intervinentes. Nun prazo máximo de cinco días hábiles dende a súa constitución, emitirá un informe que será comunicado ao/á decano/a da facultade, quen resolverá. Cando se requira a votación, a mesma deberá ser secreta cando así o solicite algún membro da comisión.
6. Contra a resolución do/a decano/a poderá interpoñerse recurso de alzada de acordo co previsto nas normas de procedemento administrativo común.

### **Artigo 33. Dos recursos informáticos docentes**

1. A facultade contará con persoal técnico destinado no centro que se encargará da xestión dos recursos informáticos docentes.
2. O/a decano/a da facultade poderá nomear a un/unha coordinador/a deste persoal. As súas funcións serán:
  - a) Executar os acordos da Xunta de Facultade.
  - b) Regular a distribución interna de funcións deste persoal.
  - c) Levar á comisión competente propostas sobre orzamento, colaboración con outros servizos da Universidade da Coruña ou adquisición de recursos.
  - d) Elaborar a memoria anual de actividades así como a información sobre os recursos.
  - e) Coordinar e promover as actividades necesarias para o bo funcionamento dos servizos informáticos que se presten aos usuarios na facultade.
3. A Xunta de Facultade elaborará unhas normas de uso dos recursos informáticos docentes co fin de implantar unha política de seguridade e de utilización destes. Estas normas serán de obrigado cumprimento para todos os membros da comunidade universitaria, e daráselles a máxima difusión e publicidade.

## **TÍTULO IV. DO RÉXIME ECONÓMICO**

### **Artigo 34. Recursos económicos**

1. Para a realización da organización do ensino e dos procesos académicos, administrativos e de xestión a facultade dispón:
  - a) Dos bens, equipos e instalacións que, previamente inventariados, a Universidade da Coruña lle destine.
  - b) Dos recursos que nos orzamentos da Universidade da Coruña se lle asignen.
  - c) Calquera outro recurso que puidese serlle atribuído.
2. Corresponde aos órganos de goberno da facultade velar polo mantemento e renovación dos recursos adscritos a ela. Da súa conservación directa son responsables todos os membros adscritos da facultade, e esta será supervisada polo/a decano/a.

### **Artigo 35. Competencias en materia económica**

1. Corresponde ao decanato:
  - a) Elaborar e presentar anualmente á Xunta de Facultade, para o seu debate e, se for o caso, aprobación, unha estimación dos ingresos e gastos do centro no seu conxunto co reparto máis pormenorizado posible dos capítulos e unidades de gasto previstos para o exercicio económico seguinte.
  - b) Elaborar e presentar anualmente á Xunta de Centro durante o primeiro semestre, para o seu debate e, se for o caso, aprobación, unha conta xeral dos ingresos e gastos do centro no seu conxunto distinguindo capítulos, conceptos e, no que sexa posible, unidades de gasto do exercicio económico do ano anterior.

## **TÍTULO V. DA REFORMA DO REGULAMENTO**

### **Artigo 36. Iniciativa de reforma do regulamento**

Poderán propor a reforma do presente regulamento un 25 % dos membros da Xunta de Facultade. A proposta de modificación presentarase mediante escrito motivado dirixido ao/á decano/a, debidamente articulado e xustificado.

### **Artigo 37. Tramitación de reforma do Regulamento**

O texto da proposta de reforma será enviado polo/a decano/a aos membros da Xunta de Facultade, que disporán de quince días para presentar emendas.

Transcorrido este prazo convocarase a Xunta de Facultade para aprobar ou rexeitar a reforma proposta. Á convocatoria xuntaranse as emendas presentadas que serán sometidas a debate e a votación.

### **Artigo 38. Aprobación da proposta de modificación do regulamento**

Para a modificación do regulamento requirirase a súa aprobación por maioría absoluta da Xunta de Facultade e a súa posterior aprobación polo Consello de Goberno da Universidade. Se a proposta non é aprobada na Xunta de Facultade non poderá proporse a mesma reforma ata transcorrido un prazo dun ano.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

### **ÚNICA. Porcentaxes de representación nos órganos delegados ou comisións**

Cando se utilicen as porcentaxes de composición da Xunta de Facultade como referencia na composición dos órganos delegados ou comisións, establecerase como mecanismo de redondeo o enteiro máis próximo, garantindo sempre que haxa representación de cada un dos sectores referenciados.

## **DISPOSICIÓN TRANSITORIAS**

### **ÚNICA. Período de adaptación da Comisión Permanente e comisións de traballo**

A Comisión Permanente así como o resto de comisións existentes na facultade cando entre en vigor o presente regulamento, extinguíranse no prazo máximo dun mes, debendo conformarse e constituírse a nova Comisión Permanente e demais comisións de conformidade co disposto neste regulamento nese prazo.

## **DISPOSICIÓN FINAIS**

### **PRIMEIRA. Derrogatoria**

Queda derrogado o anterior regulamento de réximen interno do centro.

### **SEGUNDA. Entrada en vigor**

O presente Regulamento entrará en vigor o mesmo día en que o aprobe o Consello de Goberno da Universidade da Coruña.